

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DAS PERSOAS MAIORES, XUBILADOS E PENSIONISTAS PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA O EXERCICIO 2022

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don José Andrade Paz, con DNI 35818148H, que actúa en virtude da súa condición de presidente, en nome e representación da Asociación Galega das Persoas Maiores, Xubilados e Pensionistas (en adiante ASOGAPEM), con NIF G36887131, nomeado en virtude do acordo da asemblea xeral do 24 de xaneiro de 2012, como recolle o artigo 29 dos seus estatutos .

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia



exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

IV. Que ASOGAPEM, entidade de natureza asociativa figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 480-PO-173-G-00, sendo a súa finalidade, entre outras, de acordo cos seus Estatutos, integrar e aglutinar o movemento asociativo de persoas maiores: pensionistas, xubilados, próximos á xubilación e da terceira idade de Galicia, así como levar a cabo proxectos de investigación, formación, información, culturización e documentación nas áreas de materias relacionadas coas ciencias, técnicas e profesións que afectan ás persoas maiores.

Así mesmo, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-332.

V. Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.



Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas maiores, mellorando a comunicación, conexión e relación coa contorna.

VI. ASOGAPEM leva a cabo unha programación con actuacións que van dirixidas á mellora da actividade mental e á divulgación daqueles temas que son indispensables para o desenvolvemento das persoas maiores na súa vida cotiá, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida persoal e social, tratando de promover un envellecemento activo.

Así, ASOGAPEM leva a cabo unha programación de charlas sobre os dereitos das persoas maiores recollidos nos distintos textos legais, para axudar ás persoas maiores no campo social, administrativo, xurídico, asistencial, entre outros; un programa de mantemento e mellora da axilidade mental, co obxecto de mellorar o seu benestar psíquico e social e un programa de animación a lectura.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Asociación Galega das Persoas Maiores, Xubilados e Pensionistas para o financiamento dos gastos derivados da execución destas actuacións para a promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas maiores da entidade no exercicio 2022.

VI. Que conforme ao previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o financiamento das actuacións terá carácter de concesión de subvención directa por mor do seu carácter excepcional por razón de interese social.

Tendo en conta, por unha banda, a especificade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.



Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento dos programas antes mencionados que realizará ASOGAPEM durante o ano 2022, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude para o financiamento da programación das actuacións para o mantemento e mellora da axilidade mental, de animación a lectura, e charlas sobre a protección xurídica das persoas maiores que desenvolve ASOGAPEM durante o ano 2022.

SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

As actuacións que inclúe ASOGAPEM na súa programación durante o ano 2022 son:

a) Protección xurídica das persoas maiores, que consistirán en charlas de divulgación dos dereitos das persoas maiores recollidas nos textos legais, para un mellor desenvolvemento nos ámbitos social, económico, administrativo, etc. Os obxectivos que se pretenden son:

1º. Facer posible o coñecemento de cuestións relevantes que permitan ás persoas maiores a capacitación para decidir libremente sobre asuntos que lles afectan directa ou indirectamente.

2º. Fomentar a participación, evitando o illamento e a soidade non desexada, favorecendo a inclusión social.

3º. Contribuír ao desenvolvemento persoal e á toma das propias decisións.

As charlas cos seus correspondentes coloquios tratarán diferentes temas como, entre outros, o consentimento informado, o testamento vital, a tutela, os malos tratos, a accesibilidade, a soidade non desexada e o voluntariado social.

b) Animación á lectura, como un medio para aumentar a capacidade creativa e fomentar a autoestima das persoas maiores. Os obxectivos que se pretenden con esta actividade son:

1º. Reforzo da memoria das persoas maiores.



2º. Facilitar a planificación persoal e a toma das propias decisións.

3º. Favorecer a inclusión social.

4º. Permitir o acceso as novas tecnoloxías.

c) Mantemento e mellora da axilidade mental, para promover o benestar psíquico e social das persoas maiores a través do mantemento e mellora da súa axilidade mental. Dótase ás persoas maiores de estratexias e recursos para un mellor uso da memoria nas súas actividades cotiás. Os obxectivos que se pretenden son:

1º. Reducir o risco de situacións de dependencia e posibilitar o incremento da vida autónoma.

2º. Mellora da calidade de vida e reforzamento da capacidade cognitiva.

3º. Mellora da linguaxe e da memoria a través do adestramento cognitivo.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións recollidas na programación a subvencionar a través deste convenio e que ten previsto desenvolver a ASOGAPEM ascende á 22.000,00€.

A Consellería de Política Social e Xuventude para a execución desta programación achegaralle á ASOGAPEM para o ano 2022, a cantidade de **vinte e dous mil euros (22.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2022 e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica á concesión da subvención en virtude do presente convenio.

CUARTA.- Obrigas da entidade

1. ASOGAPEM deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño



e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas cláusulas deste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco do convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións da programación obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.

g) No deseño e desenvolvemento dos programas e das súas actividades, obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio, incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



QUINTA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para os mesmos programas, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total dos programas da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA.- Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 65% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 35% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades



dos programas a subvencionar a través deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: Gastos subvencionables e xustificación

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos correntes derivados da execución desta programación destinada á promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia dirixida ás persoas maiores, no exercicio 2022, de acordo co establecido na cláusula primeira deste convenio.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2022**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas á programación subvencionada, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

Para os efectos de xustificación, ASOGAPEM remitirá á Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude, xunto coa última



xustificación do emprego da cantidade restante ata a totalidade do importe do orzamento recollido na cláusula terceira e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2022**:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro dos programas a subvencionar a través deste convenio.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes destes, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Certificación expedida pola persoa representante da entidade beneficiaria relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais correspondentes ao exercicio 2022, liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, eñ no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, a entidade beneficiaria terá a obriga de presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2023.

NOVENA- Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no



Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades a desenvolver nos programas obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DECIMA.-Inexistencia de relación laboral

ASOGAPEM queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto dos programas a subvencionar a través deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

ASOGAPEM ten a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas nos programas a subvencionar a través deste convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Subcontratación

ASOGAPEM é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución dos programas subvencionados fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución destes programas; ata o 100% do importe total das actuacións financiadas a través deste



convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

ASOGAPEM, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA.-Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de ASOGAPEM, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.-Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nos programas que realizase ASOGAPEM dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA.- Obrigas de publicidade



O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA.-Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.



Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO SEXTA.-Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Así mesmo, rexerese polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, así como as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do presente convenio. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou, se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de



dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social e O presidente da Asociación Galega das
Xuventude Persoas Maiores, Xubilados e Pensionistas

Fabiola García Martínez

José Andrade Paz

